

BREVE HISTORIA DA LINGUA GALEGA

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Unha iniciativa de



co apoio de



O galego é a lingua natural e propia da Galiza, unha das vellas nacións de Europa que está integrada dentro do Estado español como comunidade autónoma e que administrativamente está constituída polas provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. A lingua galega ten o recoñecemento de lingua oficial desta comunidade, xuntamente co castelán, e a pesar da perda de falantes que foi sufrindo nos últimos séculos, aínda hoxe continúa a ser a lingua máis falada polas persoas galegas.

Orixe e extensión territorial

O galego é unha lingua romance orixinariamente falada na área noroccidental da Península Ibérica como consecuencia da evolución do latín vulgar traído a ese territorio polos soldados romanos. Recibe esa denominación por ter aparecido na *Gallaecia*, nome da provincia romana que designaba un territorio moito máis amplo do que a Galiza de hoxe.

Portugal xurdiu historicamente dentro da Gallaecia e era, por tanto, en orixe un territorio galego e de fala galega. Ao se ir estendendo cara ao sur, a lingua galega, con influencia das falas mozárabes, foise implantando tamén por toda a faixa atlántica peninsular como lingua do novo reino independente de Portugal. Esa lingua vai ser levada polos conquistadores lusos a diferentes continentes, a se converter desa forma nunha das máis faladas no mundo.

Ao norte do río Miño o reino da Galiza vai ficar cada vez máis sometido a Castela a partir do século XIII. Este feito provocará que paulatinamente se vaian consagrando dúas modalidades do primitivo galego, a que conserva este nome orixinario como fala da Galiza (e dos territorios españois limítrofes), cada vez máis subordinada ao castelán e interferida por este, e a que toma a denominación política de 'portugués' por ser a lingua oficial de Portugal e dos seus territorios de ultramar. Os condicionamentos políticos e xeográficos configuraron tres subsistemas, dentro do complexo lingüístico ou sistema común galego-portugués, con tres variedades ou normas cultas fundamentais: galego, portugués e brasileiro.

O galego antigo (séculos IX-XV)

No galego antigo, ou galego medieval, podemos sinalar dúas grandes etapas: unha primeira en que o galego é lingua oral, mais non escrita, que comprende máis ou menos desde o século IX até fins do XII, e unha segunda en que o galego se converte tamén en lingua escrita, que abarca os séculos XIII, XIV e XV; na primeira metade do XIII aparecen en galego documentos de compravenda, testamentos, doazóns etc., mais tamén as primeiras cantigas.

Tal etapa xa literaria podemos subdividila en dúas épocas: a trobadoresca, que é unha época de esplendor, comprende desde a aparición dos primeiros textos escritos a principios do século XIII até 1350, cando se dá por finalizada a escola lírica galego-portuguesa; e a postrobadoresca, desde 1350 até finais do século XV, que é unha época de decadencia, a que tamén non pode ser totalmente allea a evolución da situación política, pois o reino da Galiza, a conservar sempre o seu carácter propio, viuse integrado na coroa de Castela, iniciando moi lentamente o camiño da decadencia política e económica, que finalmente tamén acabará por se converter en decadencia cultural.

No entanto, o idioma galego continuou até o final da Idade Media o seu camiño de plena normalidade, asumindo aqueles ámbitos de uso que foron comúns ás linguas do seu contorno. Pódese afirmar, en conclusión, que o galego foi a lingua normal e oficial entre os habitantes da Galiza durante a Baixa Idade Media. Será a finais do período medieval cando a Galiza inicie tamén a perda da normalidade lingüística, en paralelo coa progresiva imposición do castelán como lingua do poder sobre todo a partir do reinado dos Reis Católicos.

O galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII)

Os séculos XVI e XVII son coñecidos como os Séculos Escuros, denominación que tamén se adoita prolongar ao XVIII, aínda que este ten características específicas. A pesar de practicamente desaparecer durante eses séculos a lingua galega do ámbito escrito, porén consérvanse algunhas mostras literarias do período.

Nestes séculos vaise conformando progresivamente un reducido grupo monolingüe en castelán que ocupa o cumio do poder político-relixioso, un grupo autóctono bilingüe integrado no aparato de poder e unha inmensa maioría monolingüe en galego. O primeiro grupo vai actuar como motor do proceso de substitución lingüística, atraendo cara ao castelán as capas

sociais que procuran o ascenso a través da carreira burocrática. Devagariño, vaise identificando o galego cunha maneira natural de falar, sen relación ningunha coa cultura, e vaise abrindo paso a crenza de que é unha forma corrupta do castelán. E todo isto derivado dunha situación socioeconómica que levaba os paisanos a teren de se deslocar á corte para realizaren os traballos máis desprestixiados.

No século XVIII persoas cultas e ilustradas van saír en defensa da lingua e da identidade da Galiza. O máis destacado foi o Padre Feixoo, que demostrou con rigor científico non ser o galego unha forma corrupta do castelán, mais irmán xémeo do portugués e lingua romance con personalidade de seu. Tamén merece un capítulo especial o Padre Sarmiento, primeiro grande investigador do idioma, cuxa normalización social, en especial no ensino, defendeu cunha valentía e clareza que aínda hoxe sorprenden.

Por outra parte, será no século XVIII cando a imposición do castelán, que xa se producira *de facto* na Galiza a fins da Idade Media, adquira carta de natureza legal por vía das disposicións escritas.

O século XIX

Este é o século do Rexurdimento, entendendo por tal o movemento de recuperación da lingua, da literatura e da cultura galegas que se produciu ao longo do período, acompañado polo intento xeral de defensa e dignificación do país. Mais isto non afecta significativamente o proceso de substitución lingüística iniciado anteriormente. Se durante os tres séculos precedentes a diglosia se estendeu, de forma horizontal e selectiva, entre as clases sociais altas, durante o XIX estas convértense practicamente en monolingües en castelán, continuando aquela o seu avance na pirámide social de forma descendente e espontánea.

Pódense sinalar tres etapas ao longo do XIX que marcan a evolución do uso escrito do galego en relación co propio decorrer da conciencia galeguista; aproximadamente veñen coincidir cos tres terzos en que cronoloxicamente se divide o século. A inicial caracterízase polas primeiras manifestacións do diferencialismo político da Galiza, motivadas polo levantamento contra os franceses e a necesidade de autoorganización; xorden así unha serie de obras en prosa e verso de máis valor propagandístico e lingüístico do que literario. Na segunda etapa (Prerrexurdimento), situada entre 1833 e 1863, é cando nace o primeiro movemento político coherente de carácter galeguista con destacados

"precursores" como Añón, Pintos, Camino, etc. A terceira etapa (Rexurdimento pleno) iníciase en 1863 coa publicación de *Cantares gallegos* e prolóngase a fins do século, con Rosalía de Castro, Curros e Pondal como figuras literarias centrais. Politicamente o movemento provincialista anterior dá paso agora ao rexionalismo, con Murguía e Brañas como principais teóricos, que defende a personalidade histórica diferenciada de Galiza e a súa especificidade lingüística.

Tamén nesta última etapa do século se van dar os primeiros e importantes pasos para dotar o galego de gramáticas e dicionarios con que xa contaban as linguas do noso contorno desde séculos atrás. A primeira gramática é a de Mirás, de 1864, e catro anos despois aparece a de Saco Arce, moi superior. No mesmo ano 1868 publica Cuveiro Piñol un pequeno estudo sobre o galego e Valladares ten ultimada en 1892 unha gramática que permanecerá inédita até 1970. Tamén neste período aparecen os tres primeiros dicionarios galego-castelán.

O século XX

Se o XIX foi na historia do galego un período fundamental ao pasar novamente de lingua oral a escrita, o século XX vai significar outro avance cualitativo importante: proxectalo a outros campos alén do literario. Isto virá acompañado da evolución do movemento galeguista, que vai dar o paso do rexionalismo ao nacionalismo como doutrina política. As Irmandades da Fala naceron en 1916 co obxectivo de defenderen a dignificación e ampliación de usos da lingua. A revista *Nós*, fundada en 1920, dá nome á brillante xeración de Otero, Cuevillas, Risco e Castela, que consegue para o galego novos ámbitos de uso. Como herdeiros e fillos ideolóxicos dela, un grupo de estudantes universitarios fundou en 1923 o Seminario de Estudos Galegos, que potencia e amplía o uso do galego na prosa científica e técnica.

A Real Academia Galega, fundada en 1906, só moi parcialmente cumpriu o obxectivo de elaborar un dicionario galego-castelán. No entanto, publicáronse novas gramáticas, como a de Lugrís Freire en 1922, e outros traballos filolóxicos sobre o galego.

Coa chegada da Segunda República en 1931, todo o galeguismo precedente vai confluír no Partido Galeguista, que defende a normalización lingüística e impulsa a elaboración do Estatuto de Autonomía de 1936, onde se recoñecía o carácter cooficial do galego. Era

este un tempo de esperanza e de ilusión para o porvir da lingua galega, que se viu truncado polo golpe militar fascista de 1936.

A Galiza entra, así, nesa "longa noite de pedra" do franquismo. A represión xeneralizada destruíu todo o esforzo anterior a prol do idioma (institucións, revistas, editoriais) e cobrou vidas entregadas á súa defensa (Bóveda, Casal, Quintanilla etc.).

Co obrigado silencio dos galeguistas que ficaron no interior e co exilio doutros, o centro da cultura galega deslócase a América e fundamentalmente á cidade de Bos Aires, onde vai residir Castelao e outros escritores e intelectuais exiliados. A lingua galega terá alí unha presenza cultural que lle é negada no seu propio país, onde a ditadura franquista persegue con dureza o uso consciente do galego, converténdoo practicamente nunha lingua clandestina de uso familiar e coloquial.

Comezan a aparecer algúns síntomas de recuperación para a lingua e a literatura galegas a comezos da década de cincuenta: coleccións de poesía Benito Soto e Xistral, editoras como Monterrey e Galaxia etc. En contraposición co galeguismo culturalista que esta última representaba, polos anos sesenta van aparecer dous partidos políticos clandestinos (a Unión do Povo Galego e o Partido Socialista Galego), de ideoloxía nacionalista de esquerdas, que teñen entre os seus obxectivos irrenunciábeis a defensa do galego como lingua oficial e que consagran a praxe lingüística neste idioma na actividade política. Arredor deles van xurdir tamén diferentes asociacións culturais que serán focos de resistencia ideolóxica ao franquismo e de dinamismo cultural na procura da dignificación da lingua e do país no seu conxunto.

A produción literaria en galego vai recuperando pouco a pouco o pulso de preguerra con autores como Cunqueiro, Blanco Amor, Fole, Carvalho Calero, Neira Vilas, Celso Emilio, Manuel María e outros. A lingua consegue progresivamente algún recoñecemento e visibilidade pública (conmemoración do Día das Letras Galegas a partir de 1963, incorporación aos estudos da Universidade de Santiago de Compostela en 1965, etc.), aínda que dentro dun marco político xeral de represión e falta de liberdade.

Desaparecido o ditador Franco no ano 1975, iníciase a transición democrática no Estado, que vai supor o aparecemento dun novo marco xurídico-legal para o galego: a Constitución española de 1978 decláralo cooficial na Galiza e o Estatuto de Autonomía, de 1980, defíneo como a lingua propia da comunidade autónoma galega. Dotada esta de goberno e Parlamento propios, en 1983 apróbase a Lei de normalización lingüística, aínda en vigor.

Nas últimas décadas do século XX téñense dado pasos importantes na investigación, ensino e divulgación da lingua galega: a edición de libros multiplicouse, publicáronse gramáticas, estudos sociolingüísticos e dialectais, historias da lingua, dicionarios e vocabularios de diverso tipo, xuntamente con libros de texto e outros materiais escolares para aprendizaxe da lingua, consecuencia directa da incorporación do galego ao sistema educativo como materia obrigatoria no ensino básico e medio, para alén da creación da licenciatura de Filoloxía Galega nas tres universidades do país.

Tamén se levou a cabo un complexo proceso de fixación normativa do idioma, non exento de dificultades pola confrontación entre dúas correntes principais, a reintegracionista e a isolacionista. Dunhas primeiras normas de 1980 de amplo consenso, mais de pouca precisión, pasouse ás normas de 1982 elaboradas polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega, que deron orixe a un prolongado conflito normativo, en boa medida desactivado coa reforma de 2003 consensuada no ámbito académico.

A situación actual

O galego na actualidade conserva aínda máis de dous millóns e medio de falantes, superando nisto algunhas linguas oficiais de estados europeos. É entendido pola práctica totalidade da poboación (97%) e pódeo falar a inmensa maioría (86%), sendo máis do 60% das persoas as que o teñen como lingua habitual. Goza cada vez de máis prestixio, sobre todo en ámbitos vinculados á cultura, e suscita a adhesión afectiva da maioría social. Posúe tamén unha importante nómina de escritores e escritoras, con textos literarios de grande calidade.

No entanto, presenta outros aspectos preocupantes a respecto do seu futuro: é cada vez menos falado pola xente nova, rompéndose así a transmisión xeracional; acha dificultades para penetrar en ámbitos sociais de especial relevancia (mundo da empresa, deporte, ocio, Igrexa etc.); faltan medios de comunicación que aposten polo seu uso; o marco legal é aínda discriminatorio (obriga legal de coñecer o castelán, mais non o galego); o país vive de costas ao mundo de expresión galego-portuguesa etc.

Existe, por outra parte, un importante movemento social e político comprometido na defensa do galego, que coa súa firme reivindicación da normalización lingüística está a conseguir nos últimos anos algúns logros

esperanzadores, como a aprobación por unanimidade no Parlamento galego en 2004 dun plano xeral de normalización ou o decreto de 2007 que fixa un mínimo dun 50% de docencia en lingua galega no ensino non universitario.